

## Da romaría de Otero á romaría de Cunqueiro

Claudio Rodríguez Fer

Ramón Otero Pedrayo publicou *A romeiría de Gelmírez*<sup>1</sup> en 1934, obra coa que, ao dicir de Ricardo Carballo Calero, “tencionou realizar a grande novela histórica galega de asunto medieval”<sup>2</sup>, e á que co tempo seguirían outras aproximacións literarias galegas á figura de Diego Xelmírez. Non obstante, a principal influencia exercida por tan importante novela non se deu na literatura galega, senón na castelá, e non operou sobre unha obra dedicada a Xelmírez, senón a San Gonzalo.

En efecto, tal pegada deuse sobre a novela haxiográfica *San Gonzalo*<sup>3</sup>, publicada por Alvaro Cunqueiro en 1945, aínda que co pseudónimo de Alvaro Labrada. Máis adiante, en 1968, recolleuna no libro *Flores del año mil y pico de ave*<sup>4</sup>, asinado xa como Alvaro Cunqueiro. Ricardo Carballo Calero advertiu esta influencia na súa *Historia da literatura galega contemporánea*, chegando mesmo a asegurar que os capítulos “La romería de Gonzalo” e “Roma” de *San Gonzalo* “son unha versión abreviada e adaptada ao seu asunto de *A romeiría de Xelmírez*, de Otero Pedrayo”<sup>5</sup>. O presunto “expólio” non foi aclarado aínda por ninguén e soamente o mesmo Ricardo Carballo Calero aventurou algunha conxectura sobre esta aparente “apropiación inustificada”<sup>6</sup>.

---

1. Ramón Otero Pedrayo, *A romeiría de Gelmírez*, Santiago de Compostela: Editorial Nós, 1934. Citarase sempre por esta primeira edición, única publicada en vida tanto do autor como de Cunqueiro. Sobre esta obra poden verse escritos específicos de Carlos Casares, *Otero Pedrayo*, Vigo: Editorial Galaxia, 1981, pp. 119-124; Ricardo Carballo Calero, *Libros e autores galegos. Século XX*, A Coruña: Fundación Barrié de la Maza, 1982, pp. 124-127; Nicole Dulin Bondue, *El granito y las luces*, vol. II, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1987, pp. 404-444, e Henrique Monteagudo, “A romaría de Xelmírez, ficción sobre a historia, *Actas do Simposio Internacional Otero Pedrayo no panorama literario do século XX*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 1990, pp. 293-343, así como a “Introducción” á súa edición de *A romaría de Xelmírez*, Vigo: Editorial Galaxia, 1991, pp. 7-64.

2. Ricardo Carballo Calero, *Historia da literatura galega contemporánea*, 2ª ed., Vigo: Editorial Galaxia, 1975, p. 668, 3ª ed., idem, 1981.

3. Alvaro Labrada, *San Gonzalo*, Madrid: Editora Nacional, 1945.

4. Alvaro Cunqueiro, *Flores del año mil y pico de ave*, Barcelona: Editorial Táber, 1968. Citarase sempre por esta edición, primeira recoñecida polo autor.

5. Ricardo Carballo Calero, *op. cit.*, p. 749, n. 2.

6. “Eu creio que se deveu a que seguramente tinha comprometido o envío do original num determinado prazo, talvez caducado, e o apressavam para que enviase ao día seguinte ou dentro de dous días o original convido, e nom tivo mais remedio que colher a máquina e ir traducindo o texto de Otero Pedrayo, porque o tempo non daba para mais”, Ricardo Carvalho Calero, *Do galego e da Galiza*, Barcelona: Sotelo Blanco Edicións, 1990, p. 197.

Pero tendo en conta que as pasaxes comúns a ambas obras consisten en descrições de senllas viaxes a Roma, resulta moi interesante cotexar o rexistro etnográfico efectuado por cada autor, mesmo prescindindo da parte referida a Galicia, na que coinciden ao narrar o paso dos romeiros por Melide, Samos e o Cebreiro.

### A pasaxe carolinxia

Nun principio, cando describen o paso dos viaxeiros por Roncesvales, Otero e Cunqueiro rexistran os mesmos elementos merecentes dunha consideración etnográfica (cruceiros, moutelas, lanzas), e aínda pode dicirse que o segundo introduce literariamente algún motivo troquelado no epíteto épico que designa a Carlomagno (a barba florida):

Como pisando o chán dun sanduario, pousaron na cháira herbosa de Roncesvales e no paso de Ibañeta. Cruces, un mesto bosque de cruces chantadas pol'os pelengrins agromaban arredor do grande cruceiro de pédra ergueito por o Imperante. Espazábanse os montesíos hourizontes. Estaban no campo da batalla: moutelas de espiños sinalaban o lugar onde caíran os pagaos e outos freixos resoantes, pau baril de lanza, medraban dreitos no sitio onde morreran os herois cristiaos (p. 156).

Como pisando el suelo de un santuario, cruzaron los romeros Roncesvalles e Ibañeta. Cruces, un espeso bosque de cruces clavadas en la tierra por los peregrinos alrededor del gran crucero levantado por Carlos, el emperador de la barba florida. Madelas de espinos señalaban el lugar donde cayeron los paganos y altos fresnos resonantes, nobles astas de lanzas, medraban rectos donde murieron los héroes cristianos (pp. 266-267).

A partir de aquí, as inmediatas referencias aos cabaleiros carolinxios, ao Arcebispo Turpin e ao escritor Eginardo coinciden en ambas obras, así como a reprodución de catro versos latinos de Saxo Gramático. Non obstante, Otero introduce estes a través da presenza dun "xograr" que canta acompañado dunha "harpa sonora de cordas de aceiro" (p. 203), elementos ambos ausentes en Cunqueiro.

- "Son" pensaba Odoario "os ecos dos poemas latinos de que fala Eginardo:

Est quoque iam notus: vulgaria carmina magnis  
Gaudibus eius avos et proavos celebrant,  
Pippinos, Carolos, Hludovicos, et Theodoricos  
et Carlomanno Hlotarios que canunt" (p. 157)

Y Gonzalo cantó, cantó un son antiguo, eco de los poemas latinos de que habla Eginardo:

Est quoque ium notus: vulgaris carmina magnis,  
Gaudivus eius avos et proaros celebrant,

Pippinus, Carolus, Hludovicus et Theodoricus  
Et Carlomanno Hlotarios que canunt... (p. 267)

Polo contrario, en Otero hai menos información etnográfica que en Cunqueiro sobre as ocupacións dos personaxes na seguinte anecdotas:

- "Un velliño da abadía de Saint Gall coñeceu a un antigo soldado que fora arrolado de nenño por o duque Geroldo, un dos bós cabaleiros de Calromagno e o monxe fixo pra Calros o "Groso" o libro das xéstas" (p. 157).

- Un monxe de Cluny, que conocí en San Salvador, había hablado en San Gall con un anciano abad que sabía toda la historia de Carlomán, por habérsela oído a un antigo soldado que fue arrullado de niño por el duque Geroldo, uno de los "preux" del Emperador. El abad escribió para Carlos el Grueso el libro de las gestas... (pp. 267-268).

Menor interese etnográfico ten unha posterior pasaxe na que os "Pares" de Otero aparecen convertidos en "Padres" na obra de Cunqueiro cando se relata a morte de Carlomagno:

Cando foi seu pasamento os sinos badalearon sen que ninguén os tocara. Fói sentado na cadeira dentro do sepulcro. Alí arrodeado dos Pares, agarda... As veces pregunta a hora aos gnomos que voltixan pol-a coba... (p. 157-158).

Cuando Carlomagno murió lo sentaron en un trono, dentro de su sepultura. Allí, rodeado de los Padres, espera... A veces pregunta la hora a los gnomos que guardan la cueva... (p. 268).

Pero a continuación volve ser significativa, porque Cunqueiro fai desaparecer dela a indumentaria e o armamento dos indíxenas vascos que describe Otero:

Falando e lembrando baixaron por o Val-Calros, pasando por Luzáida vila basca, n'un coto encol do fondo abismo por onde baixa reloucando o Nive de Arneguy. Encobría os vales a néboa lixeira. Cruzábanse con fatos de fortes bascos empelicados calzados con abarcas de cóiro e armados coas xavaliñas chamadas *auconas* (p. 204).

Hablando y recordando bajaron por Valcarlos. Cubría los valles una niebla ligera niebla. Luzaida, el Nive de Arnesuy, San Juan de Pied de Port... (p. 268).

Na mesma liña, Otera salienta as "colleitas" na entrada en Francia, rasgo de notoria pertinencia etnográfica tamén omitido por Cunqueiro:

Camifando, amolecían os montes nas paisaxes da doce Francia. Era ditoso o solpor nos chans de colleitas e lameiros e gaves de augas batidas nas albas

pedras calizas. Mais unha malenconía donda e lonxana descía encol dos bosques e das almas, como si aínda ecoara nos ledos hourizontes o son do Olifante de Roldán (p. 157).

Caminando, se suavizaban los montes en el paisaje de la “doulze France”. Pero una melancolía lejana descendía sobre los bosques y las almas, como si aún clamase el eco del olifante de Roldán... (p. 268).

## Misa e sermón en Auch

A descrición da misa en Auch e a reprodución dos respectivos sermóns de Xelmírez e Gonzalo, mostran escasas diferencias entre o expansivo Otero e o aquí sintético Cunqueiro:

Púxose un altar no pórtico lavrado, e dende il o bispo de Iria e Compostela predicou o sermón. Xa non foi o político as veces disimulado e sempre afitado ás comenencias. Agora vestiao con outra lus a dinidade da data e os arcidiagos de Sant-Iago escuitaban rubire ritmicamentes a elocoenza do seu Bispo na lingoa latina labrega, eispresiva, entendida por todos os ouventes de Oicidente.

Gelmirez comezou ca pintura do Paradiso prometido aos cristiáns. As verbas pintorescas daban corpo ao fermoso ensoño da esperanza i-espallaban nas almas teolóxicas e nas almas iforantes hourizontes grasalleiros. -”Como o outono esmalta de mil coores vosos agros e a primadeira cantiga nas abas dos montes, considerades que é o mundo fermoso, sen pensardes na serpe do mal aniñada nas froles. Mais pensade en achegarvos a maxinare a fermosura sen chata nin remorso da Jerusalém celeste. Frotante nos aires como unha nuben, toda frabricada de un ouro en cuia comparanza son chumbo os ouros do mundo, tén de pedras prezosas as cercas e as lexioes de anxos as gardan, lus que soio poden aturare os eleitos e que aos mortaes mataría como a luzada mata as tébras da noite. Logar de diviño folgo, alí hachan premio as angueiras levadas ca virtude e pacencia no baixo mundo tristeiro. Pra os labregos sofridores do quente e do xeado, hái alí hortos que ningunha raxeira pode queimar, e San Pedro pesca nos regueiros, e nas cociñas Sta. Marta adobía os manxares da Gracia, e nos refeitorios dos xustos Sto. Estebo sirve aos probes o viño de eterna felicidade. Baixa unha escada do Ceo â terra. Alguns benaventurados teñen sido mirados rubir por ela, como ten acontecido co Sto. Estebo de Grammont. Un inocente, un neno, mirou os anxos descer por a escada e rubir ao ceo a ialma do santiño”.

(...)

“Pois pra rubir isa escada non hai amparo meirande que o da Virxe María”. E gabando as sovrans virtús da Raíña dos ceos a vos do Bispo de Compostela cantaba e respondía a grea axeonllada a secuencia subprime que dende o século X ronselaba de esperanza as ialmas cristiáns

Ave maris stella  
Dei Mater alma  
Atque semper virgo,  
Foelix coeli porta. (pp. 171-173).

En el labrado pórtico se levantó un altar y desde él predicó al pueblo de Auch el obispo de Mondoñedo. Habló en la lengua latina, labriega, expresiva, entendida por todos los oyentes de Occidente.

Comenzó Gonzalo con la pintura del Paraíso prometido a los cristianos.

-Como el otoño esmalta de mil colores vuestros campos y la primavera canta en la falda de los montes, pensáis que es el mundo hermoso, sin cuidaros de la sierpe del mal, anidada entre flores. Imaginad la hermosura sin tacha ni remordimiento de la Jerusalén celeste. Flota en los aires como una nube, toda fabricada de un oro en cuya comparación son plomo negro todos los oros del mundo... Para los labriegos sufridores del calor y del frío hay allí huertos que ni sol ni helada pueden quemar. San Pedro pesca en los regatos; Santa Marta, en las cocinas, adoba los manjares de la Gracia, y en el refectorio de los justos San Esteban sirve a los pobres el vino de la eterna felicidad... Una escala baja del Cielo a la tierra. A algunos bienaventurados se vio subir por ella, como a San Esteban de Grammont. Un inocente, un niño, vio descender por ella ángeles de doradas alas para recoger el alma del santo. Yo he visto esa escala en mi soledad del Yermo, y sus escalones son como cuerdas de arpa sonoras... Para subir por esa escala no hay mayor amparo ni guía que el de la Virgen Nuestra Señora...

Y alabando las virtudes soberanas de la Reina de los Cielos, la voz de Gonzalo cantaba, y respondía la grey arrodillada, la secuencia sublime que desde el siglo X exaltaba la esperanza de las almas cristianas:

Ave Maris stella,  
Dei Mater alma,  
Atque semper virgo,  
Faelix caeli porta... (pp. 268-269).

## O paso por Tolosa

A evocación de Tolosa é moito máis significativa, xa que Otero se detén moito na descrición cultural e material de tal cidade, mentres que en Cunqueiro tan só ocupa un párrafo. Aínda así, mantense a débeda do mindoniense co de Trasalba: o que para o primeiro é “Tolosa: leda, farta, forte” (p. 177), para o segundo volve ser “Tolosa: alegre, rica, fuerte” (p. 270).

## Por terras de Italia

Xa en terras italianas, pasando Pisa, Florencia, Arezzo, os romeiros das dúas obras siguen o mesmo vieiro que os aproxima a Roma:

Aos lonxos azulexaban os montes Albanos, longas soás de viaductos envellecían nos érmos. Nas lagoas cuase enxoiatas patuxaban greas de disformes e negros bois. Dende as Pontinas aos estanques de Ostia voaban en espiraes ceibes bandos de patos salvaxes. Abraiados polo terríbele silencio da campía, chegaron co solpor encobado en brancas nubens, a mirar as

torres de Santo Xohán de Letrán, vixiantes encol da grandeza da Urbe. Gelmirez e seus compañeiros axionllados resaron, eo Bispo dixo o carmen saudadoiro de Sto. Fulxencio, Africán:

“O Roma dominis urbis et domina,  
Cunctarum urbium excellentissima,  
Roseo Martyrum sanguine rubra  
Albis et Virginum liliis candida,  
Salutem dicimus tibi per omnia  
Te benedicimus, salve per saecula” (p. 270).

A lo lejos azuleaban los montes Albanos; vértebras de los romanos viaducos envejecían en el llano de la Campania. En las lagunas, enjutas bajo el sol del verano, pacían rebaños de disformes y negros bueyes; volaban cuervos y patos salvajes.

Al anoecer pudieron contemplar las torres de San Juan de Letrán. Gonzalo y sus monjes, arrodillándose, rezaron, y Munio, con sus labios celtas, dijo el carmen saudadorio de Fulxencio Africano:

O Roma nobilis urbis et domina  
Cunctarum urbium excellentissima,  
Roseo Martyrum sanguine rubra,  
Albis et virginis liliis candida,  
Salutem dicimus tibi per omnia,  
Te benedicimus, salve per saecula (pp. 270-271).

## A estancia en Roma

Roma aparece moi semellante en ambos textos, mesmo a efectos etnográficos:

Tremaron as derradeiras estrelas -Albas, rubras, verdes, laranxa- co sopro fresqueiro da ialba. Tremaba a paixón das estrelas sentíndose morrer na lus branca e cruel que empezou as froles e os froitos do Ceu. As derradeiras procuraban un espello nas augas crebadas de un acueducto, nos mosaicos de dubidoso argumento pousaban un raio de lus, queimábanse como carbúnculos na mesta vexetación de salvaxes ulidos do xardín deixado a bravo dos Papas. Cecáis unha soma fuxitiva decorría esbarando por as pedras do Coliseo, abismo de tempos, redonda eternidade, ou a néboa podre apégábase silandeira ca terquedá do pesadelo ás fondas perspeitivas desertas, vibradoiras de aas e lembranzas do Foro, das Termas de Caracalla. Medraba o día, esguío, enorme, cego, orballando a campía deserta, tirando das teebras as cúpulas de Letrán, as torres das Basílicas, os duros perfís dos pazos feudás, e pouco a pouco, a masa disforme, entrambilhada, leprosa, farrapenta, dos barrios outos e baixos e o luxado froire do Tiber nas pontes. E co día saudábanse as badaladas das eirexes e dos cenobios: soíñas, sinxelas, leviáns dos arrabaldos; graves voces dogmáticas das sete basílicas constantiniáns, cuio badelar chéga cabo do misterio escuro e pintado das

Catacumbas e resba por o agro latino despertando ao pastor de pelica de ovella que dá de beber ós graves bois mouros, de dinidade etrusca, no oco de un sarcófago esculpado, il o céibe pastor fadalista, indifrente ao galopar dos cabalos do tempo por os séculos (pp. 271-272).

Temblaron las últimas estrellas -albas, rubias, verdes, naranja- con el soplo del alba. Las últimas estrellas buscaban su último espejo en las aguas rotas de un acueducto, posaban un rayo de luz en los mosaicos de dudoso argumento... Quizás una sombra fugitiva corría resbalando por las piedras del Coliseo, abismo de tiempos, redonda eternidad; la podrida niebla tiberina se negaba, silenciosa y terca como una pesadilla, a las hondas perspectivas desiertas, vibrantes de alas y recuerdos del Foro, de las Termas de Caracalla...

Crecía el día, pálido, enorme, ciego, robándole a las tinieblas las cúpulas de Letrán, las torres basilicales, los duros perfiles de los palacios feudales... Con el día se saludaban las campanas de iglesias y monasterios, las graves voces dogmáticas de las siete basílicas constantinianas, cuyo canto llega hasta el misterio oscuro de las Catacumbas y resbala por el agro latino, despertando al pastor que da de beber a los negros bueyes de etrusca dignidad en el hueco de un labrado sarcófago (pp. 273-274).

Igualmente, a ambientación na basílica romana é moi parecida nas dúas obras:

Un intre mirou a primeira onda de sol galgando destemida por o Capitolio e lembrou os versos antigos gardados por Beda o Venerábele:

“Quandiu stat Colissaeus, stat et Roma;  
Quando cadet Colissaeus cadet et Roma;  
Quando cadet Roma, cadet et Mundus”.

Mais non raiaba o día na ialma de Gelmirez deica que non xurdiu diante il a nau da Basílica do Príncipe dos Apóstoles, povoando a mañán con armoñosos cantos de bronce. Cantaban o trunfo dos Mártires, o sánque do patíbulo fedehondo feito danzal roseira de ulentes froles non amuchadas, eran vos de branco corado das vírxens, espallaban a verba de Pedro o Pescantín... (...)

Gelmirez rubía a escadeira de trinta e cinco degraus, e paraba diante o pórtico de outas colunas de pedra de grá de Egipto, e bronceínas portas. (...) Un sol ourive, acariñaba o campanil do Papa Estebo. (...) Ao adral franqueábanse as cinco portas, cada unha un camiño: a Arxentea, a Román, a Guidonea, a de Rávena e a do Xuizo, e a Santa, as dúas derradeiras pechadas, soio aberta pra os difuntos a do Xuicio e nos anos xubilares a Santa. (...) -’Ego sum via, veritas et vita (pp. 272-273-274).

Gonzalo vio la primer onda de sol encender el Capitolio y recordó los antiguos versos que guardó Beda el Venerable:

Quando stat Colissaeus, stat et Roma,

Quando cadet Colissaeus, cadet et Roma;  
Quando cadet Roma, cadet et Mundus.

Pero no llegó la luz del sol al alma de Gonzalo hasta que no surgió ante él la nave de la basílica del príncipe de los apóstoles, poblando la mañana con armoniosos cantos de bronce. Cantaban el triunfo de los mártires, la sangre del patíbulo hediondo transformado en rosal nunca marchito... Campanas, voces del blanco coro de las vírgenes, propagadores de la voz de Pedro el Pescador... Gonzalo subió la escalera, de treinta y cinco escalones. Un sol orfebre acariciaba el campanil del Papa Esteban. Al atrio se franqueaban cinco puertas, cada una un camino: la Argéntea, la Romana, la Guidónea de los romeros, la de Ravena, la del juicio, abierta sólo a los difuntos... Cinco puertas, cinco caminos, cada uno de los cuales canta: *Ego sum via, veritas et vita...* (p. 274).

### O marco etnográfico medieval

Como é sabido, tanto Otero como Cunqueiro introduciron nalgunhas das súas obras elementos etnográficos da sociedade galega que retratan, ata o punto de estar próximas a constituir asistemáticas enciclopedias da cultura galaica, no sentido en que Mikhail Bakhtin entendeu a produción de Rabelais<sup>7</sup>. Non obstante, nas pasaxes que aquí nos ocupan as coordenadas espacio-temporais do itinerario seguido polos romeiros non teñen nada que ver coas da Galicia que ambos autores coñeceron tan ben. A fonte da súa información tivo que ser, pois, froito da lectura ou da imaxinación.

Orabén, no caso de Otero parece haber unha certa intención de retratar o entorno medieval europeo con verosimilitude etnográfica, en actitude non moi lonxana da ensaiada por Umberto Eco en *Il nome della rosa*<sup>8</sup>. E, igualmente, Cunqueiro manterá, aínda que alixeirada por razóns de oportunidade, a mesma preocupación, confirmando, polo demais, coa asimilación do eco de Otero, a teoría da intertextualidade de Eco<sup>9</sup>.

Desde logo que as fontes de Otero, principalmente a *Historia Compostellana*<sup>10</sup>, crónica contemporánea de Xelmírez, e moito menos as de Cunqueiro, que parecen

7. Así se fai constar na súa obra sobre Rabelais e a cultura popular na Idade Media e no Renacemento (*Tvorcestvo François Rabelais*, 1965): "En el universo que este autor ha creado, la unidad interna de todos sus elementos heterogéneos se revela con claridad excepcional, hasta tal punto que su obra constituye una verdadera enciclopedia de la cultura popular", Mijail Bajtin, *La cultura popular en la Edad Media y en el Renacimiento*, Madrid: Alianza Editorial, 1987, p. 57.

8. En *Il nome della rosa* (1980) Eco ofrece, certamente, toda unha enciclopedia da cultura medieval. Como mostra de carácter etnográfico relacionada cos romeiros abonda lembrar as súas longas enumeracións de viandantes pola Europa do Medioevo. Cfr. Umberto Eco, *El nombre de las rosa*, Barcelona: Editorial Lumen, 1982, pp. 229-230.

9. Lémbrense, por exemplo, as seguintes palabras de Postille a "Il nome della rosa" (1983): "Me puse a leer, o a releer, a los cronistas medievales, para asimilar su ritmo, su candor. Libre de sospechas, pero no de los ecos de la intertextualidad. Así volví a descubrir lo que los escritores siempre han sabido (y que tantas veces nos han dicho): los libros siempre hablan de otros libros y cada historia cuenta una historia que ya se ha contado", Umberto Eco, *Apostillas a "El nombre de la rosa"*, Barcelona: Editorial Lumen, 1984, pp. 25-26.

10. Sobre a alta consideración oteriana da *Historia Compostellana* cómpre ver o seu artigo "La Historia Compostelana, crónica de Europa", *Misión*, Ourense, 1944.

reducirse á novela oteriana, a penas ofrecen documentación suficiente como para recrear etnograficamente o itinerario pirenaico-romano durante a Idade Media, para o cal sería necesario consultar boa parte da inmensa bibliografía que os testemuños da época e as ciencias sociais ofrecen sobre o tema<sup>11</sup>. Pero o afán documental de Otero, ao cabo historiador e xeógrafo, sintoniza co consciente propósito nacionalista de dotar a Galicia dun necesario e oportuno xénero literario, mentres que a simplificación a estes efectos do relato haxiográfico de Cunqueiro está en consonancia co seu carácter deliberadamente antidocumental: “Se cuenta la vida de Gonzalo, dándole lo suyo a la historia y a la leyenda. No, no es esta una biografía novelada; en todo caso es la novela de Gonzalo Arias, santo y héroe” (p. 197).

Trátase, pois, do proceso inverso ao producido pola conversión do mito en novela, polo menos tal como o describiu e exemplificou George Dumézil en reiteradas ocasións, e particularmente a propósito do paso da mitoloxía xermánica á *Gesta Danorum*, de Saxo Gramático<sup>12</sup>. Otero, que lexitimamente convertira a crónica da *Historia Compostellana* en materia da súa novela histórica, viu en vida como esta, á súa vez, era depurada da súa ambientación xeográfica, histórica e etnográfica para se converter en anécdota puramente mítica. Da romaría de Otero á romaría de Cunqueiro hai, epistemoloxicamente, o mesmo traxecto que vai da crónica medieval compostelana á novela histórica oteriana. No fondo, trátase dun procedemento antolóxico non moi distante do ensaiado por Jorge Luís Borges nas seccións homónima e “Etcétera” de *Historia universal de la infamia* (1935) e no apartado “Museo” de *El hacedor* (1960)<sup>13</sup>.

Nos mesmos anos cuarenta en que publicou *San Gonzalo*, Cunqueiro mantivo unha sección na revista *Catolicismo*, titulada “Santoral Misionero”, na que co mesmo estilo convertíu en literatura de lenda haxiografías de santos, beatos e virxes célebres<sup>14</sup>. Naquel período, *A romeiría de Gelmirez* foi, seguramente, unha fonte máis para os propósitos literarios e, acaso, relixiosos, dun haxiógrafo libérrimo que

---

11. Como exemplo de narración rigurosa e exhaustivamente documentada abonda con lembrar o caso da historiadora Natalie Z. Davis, autora de *Society and Culture in Early Modern France*, que utilizou centos de fontes manuscritas e impresas para documentar a película *Le retour de Martin Guerre*, dirixida por Daniel Vigne, posteriormente mellor aproveitadas no libro homónimo da mesma profesora (1982). Cfr. Natalie Z. Davis, *El regreso de Martin Guerre*, Barcelona: Antoni Bosch Editor, 1984, pp. 119-151.

12. Georges Dumézil demostrou en *Du mythe au roman. La saga de Hadingus (Saxo Grammaticus I, v-viii) et autres essais* (1970) como a *Gesta Danorum*, de Saxo Gramático, recollera e aproveitara episodios da primitiva mitoloxía xermánica transmitidos polas *Eddas*, de Snorri Sturluson: “En lo que precede no he hecho, por así decirlo, más que una comparación anatómica del mito transmitido por Snorri y de la novela utilizada por Saxo. Los fragmentos homólogos han sido superpuestos, para revelar aquí y allá un mismo encadenamiento, una misma línea, de suerte que la novela se interpreta como una estructura literaria derivada de la estructura religiosa del mito”, Georges Dumézil, *Del mito a la novela*, México D. F.: Fondo de Cultura Económica, 1973, p. 134.

13. Non obstante, o escritor arxentino establece ao final do seu libro un “Índice de las fuentes” e aclara que sobre os textos da sección “Etcétera” non ten outro dereito que os de “traductor y lector”, Jorge Luis Borges, *Historia universal de la infamia*, Madrid: Alianza Editorial, 1971, p. 8. Igualmente, na sección “Museo” de *El hacedor* fai constar a fonte de cada texto escolmado.

14. Nas *Il Jornadas de Literatura de Mondoñedo*, que tiveron lugar en 1989, José María Díaz exhumou nove destas historias publicadas entre 1945 e 1946: “Mártires de Uganda”, “Agustín, apóstol de Inglaterra”, “Santa Olga de Kiev”, “Beato Juan Gabriel Perboyre”, “Relato de San Metodio, apóstol de los eslavos”, “Beato Raimundo Lulio, doctor iluminado”, “San Leandro, apóstol de los godos”, “Nuestra Sra. de la Merced” e “San Osvaldo, apóstol de Inglaterra”.

extraía dos textos máis diversos os materiais dunhas lendas destinadas ao grande público<sup>15</sup>.

En suma, creo que as amplificacións de Otero con respecto á *Historia Compostellana* e as paráfrases de *A romeiría de Gelmírez* escritas por Cunqueiro poden entenderse mellor á luz do comparatismo etnolóxico de Georges Dumézil. quen tanto estudiara os procesos de humanización das mitoloxías indoeuropeas precristianas permite comprender moi ben que, inversamente, Cunqueiro se valla da historia novelada por Otero para dotar de ambientación ao seu mito.

*Claudio Rodríguez Fer*

Universidade de Santiago de Compostela

Campus de Lugo

---

15. De novo, un procedemento inverso ao característico de Otero, polo menos no que respecta á novela *Fra Venero* (1934), inspirada, segundo o autor, na lectura infantil dun "artigo curto, mestura de admiración e piedade, encol de Zacharias Werner, na vella revista europeizante *El Museo de las familias*", Ramón Otero Pedrayo, *Fra Venero*, Santiago de Compostela: Edicións Nós, 1934, p. 5. En realidade, Otero extrae dun artigo unha novela, mentres que Cunqueiro sintetiza e mestura en *San Gonzalo* novela histórica e crónica haxiográfica para producir o seu relato lendario.